



Universidade do Minho

Escola de Letras, Artes e Ciências Humanas

Centro de Estudos Galegos



**XUNTA
DE GALICIA**

MEMORIA DE ACTIVIDADES

2023

Centro de Estudos Galegos de Braga

Escola de Letras, Artes e Ciências Humanas

Universidade do Minho

ÍNDICE

1. PRESENTACIÓN DA PRAZA, p. 3
2. ÁREAS DE ACTUACIÓN, p. 4
 - 2.1. ACTIVIDADES DOCENTES, p. 5
 - 2.1.1. Cursos Livres do Babelium-Centro de Línguas, p. 5
 - 2.1.2. Língua e Cultura da Galiza, p. 6
 - 2.1.3. Literatura e Cultura Galegas, p. 9
 - 2.2. ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN, p. 13
 - 2.2.1. IX Convergências Portugal-Galiza, p. 13
 - 2.2.2. XII Castro Galaico, p. 13
 - 2.2.3. XI Simpósio Luso-Galaico de Filosofía, p. 14
 - 2.2.4. V Ciclo de Cinema Galego-portugués-brasileiro, p. 14
 - 2.2.5. Día das Letras Galegas en Braga, p. 14
 - 2.2.6. Preparación do Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG). p. 14
 - 2.2.7. Mantemento e actualización das canles de difusión. p. 14
 - 2.2.4. Outros. p. 15

1. PRESENTACIÓN DA PRAZA

O Centro de Estudos Galegos intégrase na Universidade do Minho (UMinho) desde 1997. Baixo o lema "Universidade numa Região", a institución recolle nos seus estatutos a intención de constituírse como un axente do cambio económico e cultural dentro do seu ámbito de acción. Co paso do tempo, esta vontade tornouse unha realidade xa que actualmente se sitúa entre as institucións académicas máis prestixiadas de Portugal e progresivamente foise abrindo camiño no panorama internacional. Conta con dous campus, o de Gualtar (Braga) - no que se encontra a Escola de Letras, Artes e Ciências Humanas (ELACH) ao que se adscribe o Centro de Estudos Galegos- e o de Azurém (Guimarães).

A creación do Instituto de Educação e Instituto de Letras e Ciências Humanas da UMinho remóntase ao ano 1973. Concordamos coa premisa que preside os seus estatutos ao destacar a necesidade de fomentar o pensamento crítico e poñer en valor a lingua portuguesa así como da cultura humanística, a través da innovación docente e a interdisciplinabilidade. Á Escola de Letras, Artes e Ciências Humanas pertencen sete departamentos ligados ás Humanidades, ás Linguas e ás Artes. Nel intégrase o Centro de Estudos Galegos e o Centro de Linguas Babelium. A oferta académica inclúe oito licenciaturas - Estudos Portugueses e Lusófonos, Linguas Aplicadas, Linguas e Culturas Orientais, Linguas e Literaturas Europeas, Teatro, Filosofía, Música e Estudos Culturais- e unha variada oferta de ensinanzas de posgraduado. Debido ás mudanzas de estrutura departamental no Escola de Letras, Artes e Ciências Humanas da Universidade do Minho, o lector/a pasou a integrar o Departamento de Estudos Românicos (DER) no ano lectivo 2011/2012 e o Centro de Estudos Galegos continúa a depender da Presidencia da ELACH.

O lector no período que comprende esta memoria foi Alberto Paz Félix, sendo o director do CEG o Prof. João Cardoso Rosas, Presidente da ELACH que delegou a coordinación do CEG no Prof. Carlos Pazos-Justo.

Datos de contacto:

Correo electrónico: ceh@elach.uminho.pt

Tlfn.: (00351) 253 601 660;

Enderezo: Centro de Estudos Galegos – ELACH, Campus de Gualtar, Universidade do Minho, 4710-057 Braga.

Anteriormente, foron lectores do Centro:

- Pedro Dono (1997-2002)
- Iolanda Ogando (2002-2003)
- Carlos Pazos-Justo (2003-2008)
- Inés Rodo (2008-2011)
- María Luisa Moreda (2011-2014)
- Fernando Groba Bouza (2014-2017)
- Noemi Basanta Llanes (2017-2019)
- Raúl Costas Pereira (2020-2022)

2. ÁREAS DE ACTUACIÓN

Tal e como se recolle no protocolo asinado pola Xunta de Galicia e a Universidade do Minho, esta comprométese a:

A) Dar continuidade ao ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas nos planos de estudo do ILCH.

Esta actividade docente traducirase na oferta das seguintes disciplinas:

- *Curso Livre de Galego B1* (3 créditos), con carácter extracurricular e cunha carga lectiva de 48 horas.
- *Literatura e Cultura Galegas* (5 créditos), con carácter opcional para as licenciaturas de “Estudos Culturais”, “Estudos Portugueses e Lusófonos”, “Línguas Aplicadas”, “Línguas e Literaturas Europeas” e “Filosofía” e cunha carga letiva de 45 horas teórico-prácticas.
- *Lingua e Cultura da Galiza* (5 créditos), con carácter opcional para as licenciaturas de escolas da Universidade do Minho diferentes ao ELACH e cunha carga letiva de 30 horas teórico-prácticas.

A) Organizar actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da lingua, da literatura e da cultura galegas, tales como cursos, conferencias, seminarios, congresos, mesas redondas, exposicións, etc., tanto no ámbito universitario como na súa área de influencia.

2.1. ACTIVIDADES DOCENTES (2023)

2.1.1. Cursos Livres do Babelium-Centro de Línguas

- **Curso Livre de Galego (30 horas), nivel B1:** formato presencial, de 30/03/2023 a 27/07/2023. (matrícula aberta a alumnas/os).

CURSO LIVRE DE GALEGO. NIVEL B1
<p>1. Profesor Alberto Paz Félix (albertopazfelix@elach.uminho.pt)</p>
<p>2. Horario Quinta feira, de 17 hs até as 20 hs. na Sala 1.52 do Edifício 5 (ELACH).</p>
<p>3. Obxectivos O obxectivo deste curso é o de iniciar ao alumnado portugués no idioma galego, desenvolvendo as competencias definidas para o nivel B1 (QECRL), utilizando metodoloxías de ensino/aprendizaxe comunicativas e unindo ao ensino lingüístico o da cultura galega: literatura, música, arte, etc.</p>
<p>4. Estrutura As aulas consisten no ensino do galego a través de unha serie de unidades individuais temáticas realizadas de xeito evolutivo, comezando pola ortografía e as diferenzas no léxico máis común até chegarmos a diferenzas gramaticais (Verbos irregulares, uso de “te” e “che”, etc.) e léxico especializado de determinadas áreas do coñecemento. Aínda así, o Curso Livre permanece nunha lóxica flexíbel co fin de traballar en base das preferencias e gustos do alumnado.</p>
<p>5. Avaliación Segundo os criterios elaborados polo BabeliUM-Centro de Línguas, é obrigatoria a asistencia ao 75% das aulas (23h, ou 8 aulas) para obter o dereito á obtención de certificado. Realizouse unha avaliación independente para cada unha das cinco competencias lingüísticas definidas polo BabeliUM (Comprensión Escrita, Comprensión Oral, Produción Escrita, Produción Oral e Interacción Oral), precisando o alumno ou alumna a aprobación de no mínimo tres destas competencias para conseguir o certificado. O 40% da nota foi definida en avaliación continua, coa realización das actividades propostas nas aulas, e o 60% foi atribuído á proba final do curso. O exame será dividido en tres seccións:</p> <ul style="list-style-type: none">▪ Parte escrita: Comprensión dun texto escrito e realización de varias actividades tanto ligadas a este texto como tamén solicitando a produción de outro dentro da liña dunha das situacións comunicativas ensinadas no curso.▪ Parte auditiva: Comprensión dun áudio e contestar preguntas relacionadas con este.▪ Parte oral: Desenvolvemento dunha breve conversa (5 min) co profesor. Nela, o alumno ou alumna ten de presentarse brevemente, mencionar os motivos polos que escolleu a cadeira e resumir espontaneamente un breve texto escrito en galego.

2.1.2. Língua e Cultura da Galiza

A cadeira “Língua e Cultura da Galiza” foi ofrecida no 2º semestre do curso académico 2022-2023 dentro da “Opção UMINHO”, que permite a inscrición de calquera estudante independentemente da súa especialidade ou da facultade onde desenvolva a súa formación.

UNIDADE CURRICULAR: Língua e Cultura da Galiza

Docente: Alberto Paz Félix (albertopazfelix@elach.uminho.pt)

Ano lectivo: 2022/2023

Tipo: Semestral – 2º Semestre

Horario: Terzas feiras de 18h a 20h na sala 1.20 (Edifício 1)

Licenciatura en: Opção Uminho

Lingua na que se imparte: Galego e portugués

Alumnado: 50 matriculados/as

OBXECTIVOS DA APRENDIZAXE

1. Analizar a cultura da Galiza nas súas diferentes expresións (lingua, literatura, organización social, cinema, arte, tradicións e costumes populares)
2. Reflexionar sobre as semellanzas e diferenzas existentes entre a lingua e cultura galegas e portuguesas.
3. Dar a coñecer a situación social e cultural en que se encontra a lingua galega.
4. Comprender o proceso de desenvolvemento histórico da Galiza e da sua lingua.

CONTIDOS

- Introducción aos Estudos Galegos
- Lingua galega: Orixes, variedades actuais e estatuto legal
 1. Evolución histórica do galego: do latín ao galego moderno
 2. Proceso de normalización do galego
 3. Relación do galego co resto de linguas ibéricas
- Cultura Galega: Patrimonio material e inmaterial.
 1. Costumes Populares na Galiza
 2. Relacións culturais galego-portuguesas: desde a Saudade até a Lei Valentim Paz-Andrade
 3. O Camiño de Santiago: tradición e/ou modernidade
- Historia Galega: Evolución histórica da Comunidade Autónoma da Galiza
 1. “Gallaecia”: desde a provincia romana até o Rexionalismo
 2. A Galiza nos séculos XIX e XX

3. O patrimonio cultural como elemento identitario na Galiza Contemporánea
 - Expresións Artísticas Galegas
1. Literatura Galega
2. Música Galega
3. Outras áreas artísticas

MÉTODO DE ENSINO

Esta cadeira está dedicada ao ensino cultural, tratando diversas cuestións da realidade social e cultural galega. Os contidos agrúpanse en varias unidades temáticas nas que se inclúen aspectos referidos á Galiza. Este temario é ensinado a través de aulas teórico-prácticas, onde ensinamos os contidos xunto coa realización de reflexións e/ou debates sobre as cuestións tratadas. Alén diso, faremos un especial esforzo por establecer pontes entre Galiza e Portugal en todas as unidades, tanto para os aspectos culturais como para os lingüísticos, literarios e mesmo históricos.

AVALIACIÓN

A avaliación é continua e terá en conta tres cuestións:

- Tarefas individuais realizadas durante o curso (6 valores). Diversas tarefas onde o alumnado ten de analizar materiais que traten contidos relacionados coa Galiza.
- A realización dun traballo en grupo (6 valores). Este traballo consiste no desenvolvemento dun dos puntos do temario, investigando por conta propia (coa asistencia do docente) este punto e facendo unha exposición para mostrar ao resto da aula nos días asignados.
- Realización dunha proba escrita final (8 valores). Esta proba ten como propósito ollar a correcta aprendizaxe do alumnado do temario ensinado.

No caso de que o alumnado non asista ás aulas terase en conta exclusivamente a realización dun exame na data marcada pola UMinho (20 valores).

BIBLIOGRAFÍA

- Alonso Pintos, Serafín (2006). *O proceso de codificación do galego moderno*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- Aracil, Lluís V. (2004). *Do latim às línguas nacionais: Introdução à História Social das Línguas Europeias*. Santiago de Compostela: Associação de Amizade Galiza-Portugal.
- Arias Freixedo, Xosé Bieito (2003). *Antoloxía da lírica galego-portuguesa*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Carballo Calero, Ricardo (1981). *Historia da literatura galega contemporánea*. Vigo: Editorial Galaxia.

- Ferreiro, Manuel (1995). *Gramática histórica galega. Tomo I: Fonética e morfosintaxe*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2006). *Gramática da Língua Galega. Volume I: Fonética e Fonoloxía*. Vigo: Edicións A Nosa Terra.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2006). *Gramática da Língua Galega. Volume II: Morfosintaxe*. Vigo: Edicións A Nosa Terra.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2006). *Gramática da Língua Galega. Volume III: Semántica*. Vigo: Edicións A Nosa Terra.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2006). *Gramática da Língua Galega. Volume IV: Gramática do texto*. Vigo: Edicións A Nosa Terra.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2020) [1997]. *Língua galega: normalidade e conflito*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.
- Groba Bouza, Fernando & Dono López, Pedro (orgs.) (2017). *Galegos no Minho. 20 Anos do Centro de Estudos Galegos na Universidade do Minho*. Vila Nova de Famalicão: Edições Húmus.
- Herrero Valeiro, Mário (2011). *Guerra de grafías. Conflito de elites*. Santiago de Compostela: Através Editora.
- Larson, Pär (2019). *A língua das cantigas. Gramática do galego-português*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Loredo, Xaquín; Monteagudo, Henrique & Vázquez, Martín (2016). *Língua e sociedade en Galicia. A evolución sociolingüística 1992-2013*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Neves, Marco (2019). *O galego e o português são a mesma língua? Perguntas portuguesas sobre o galego*. Santiago de Compostela: Através Editora.
- Pazos-Justo, Carlos (2016). *A imagem da Galiza em Portugal. De João de Redondella a Os galegos são nossos irmãos*. Santiago de Compostela: Através Editora.
- Pazos-Justo, Carlos; Botana Vilar, María Jesús & André, Gabriel (eds.) (2021). *Galiza e(m) nós. Estudos para a compreensão do relacionamento galego-português*. Vila Nova do Famalicão: Edições Húmus.
- Samartim, Roberto & Torres Feijó, Elias J. (2018). *Sobre conflito linguístico e planificação cultural na Galiza contemporânea. Dez contributos*. Santiago de Compostela: Através Editora.

Samartim, Roberto & Pazos-Justo, Carlos (eds.) (2020). *Portugal e(m) nós. Contributos para a compreensão do relacionamento cultural galego-português*. Vila Nova de Famalicão: Edições Húmus.

Sánchez Rei, Xosé Manuel (2022). *O portugués esquecido. O galego e os dialectos portugueses setentrionais*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.

Sánchez Vidal, Pablo (2010). *O debate normativo da lingua galega (1980-2000)*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.

Torres Feijó, Elías J. (2019). *Portugal, para quê? Seis marcos no relacionamento galego-português*. Santiago de Compostela: Andavira editora.

Williams, Edwin B. (1975) [1961]. *Do latim ao português*. Rio de Janeiro: Tempo brasileiro.

Recursos na rede:

-Asociación de escritores en Lingua Galega: <http://www.aelg.org/>

-Associação Galega da Língua: <https://a.gal/>

-Biblioteca Virtual Galega: <http://bvg.udc.es/>

-Consello da Cultura Galega: <http://consellodacultura.gal/>

-Centro de Investigación Ramón Piñeiro: <http://www.cirp.es/>

-Dicionário Estraviz: <https://estraviz.org/>

-Dicionario Digalego: <https://digalego.xunta.gal/gl>

-Historia da Literatura Galega, Asociación Socio-Pedagógica Galega:
<http://literaturagalega.as-pg.gal/>

-Observatorio da Lingua Galega: <https://www.observatoriodalingua.gal/gl>

-Portal Galego da Língua: <http://www.pglingua.org/>

-Projeto livro galego: <https://livrogalego.net/>

-Real Academia Galega: <http://www.realacademiagalega.org/>

-Secretaría Xeral de Política Lingüística: <http://www.lingua.gal/portada>

2.1.2. Literatura e Cultura Galegas

A optativa do 1º semestre “Literatura e Cultura Galegas” foi oferecida no 1º semestre do curso académico 2023-2024 ás licenciaturas de “Línguas Aplicadas”, “Línguas e Literaturas Europeias”, “Estudos Culturais” e “Estudos Portugueses e Lusófonos” en réxime diúrno.

UNIDADE CURRICULAR: Literatura e Cultura Galegas

Docente: Alberto Paz Félix (albertopazfelix@elach.uminho.pt)

Ano lectivo: 2023/2024

Tipo: Semestral – 1º Semestre

Horario: Cuartas feiras das 14:00h ás 17:00h.

Licenciatura en: Línguas Aplicadas, Línguas e Literaturas Europeias, Estudos Culturais e Estudos Portugueses e Lusófonos (Diúrno)

Lingua na que se imparte: Galego e portugués

Alumnado: 47 matriculados/as

OBXECTIVOS DA APRENDIZAXE

5. Coñecer a periodización da literatura galega, os principais axentes e repertorios promovidos en cada época.
6. Identificar as particularidades que caracterizan a cultura e a literatura galega nas súas principais etapas.
7. Identificar os marcos culturais, literarios e políticos e a súa relevancia no desenvolvemento histórico da Galiza e da literatura galega.
8. Desenvolver algunha capacidade de lectura e análise de textos en lingua galega
9. Familiarizarse coa realidade actual da Galiza.

CONTIDOS

- Introducción aos estudos galegos: historia da Galiza e da lingua e literatura galegas (periodización, características, etc.)
- Lingua Galega
 1. O Galego. Historia e características. Claves para a comprensión de textos escritos e orais en galego
 2. O galego a actualidade: conflito sócio-linguístico e normativo.
 3. Relación do galego co resto de linguas ibéricas
- Cultura Galega
 1. Cultura Galega Popular: entre a tradición e o Celtismo
 2. Camiño de Santiago: tradición e/ou modernidade
 3. Relacións Culturais Galego-portuguesas: desde a Saudade até a Lei Valentim Paz-Andrade
- Literatura Galega

1. Periodización da literatura galega: etapas e características
2. Século XIX: Rexurdimento e Rexionalismo
3. Século XX: Desde as Irmandades da Fala até o Inicio da Democracia.
- Outras Expresións Artísticas
 1. Teatro e Cinema
 2. Música e artes plásticas

MÉTODO DE ENSINO

Esta cadeira está dedicada ao ensino literario e cultural, mais tamén partillamos co alumnado materiais relacionados coa comprensión escrita de textos en galego para así permitirmos a análise e discusión de textos nas aulas. Os contidos agrúpanse en varias unidades temáticas nas que se inclúen aspectos referidos á literatura e á cultura. Este temario é ensinado a través de varios métodos. Habitualmente, as aulas consisten na exposición, reflexión e debate sobre cuestións relacionadas coa realidade galega, utilizando diversos materiais (vídeos, áudios, etc) como exemplos para analizar a sociedade e cultura galegas. Nas aulas de literatura, dividírase a aula en dúas partes: unha expositiva, onde aportamos os coñecementos sobre os sistemas cultural e literario galegos, e outra participativa, onde o alumnado le varios textos (tanto textos literarios como tamén vídeos, música, etc.) que exemplifican as cuestións ensinadas. Na cuestión relativa á norma, os materiais foron dispoñibilizados ben en dobre edición (texto orixinal e versión adaptada ás NOMIG 2003), ben foron directamente adaptados ás formas consideradas de normativas polas NOMIG 2003. Isto realizouse co fin de familiarizar ao alumnado coa norma galega elaborada pola RAG, ao mesmo tempo que facilitamos a correcta lectura e interpretación dos textos. Alén diso, faremos un especial esforzo por establecer pontes entre Galiza e Portugal en todas as unidades, tanto para os aspectos literarios como para os lingüísticos, culturais e mesmo históricos.

AVALIACIÓN

A avaliación é continua e terá en conta tres cuestións:

- Realización de actividades individuais ao longo do curso (6 valores).
- A realización dun traballo en grupo (6 valores. Este traballo consiste na elaboración dunha proposta de proxecto cultural que vincule a Galiza e Portugal, a ser posíbel tratando algún dos puntos do temario tratado nas aulas.
- Realización dunha proba escrita final (8 valores). Esta proba ten como propósito ollar a correcta aprendizaxe do alumnado do temario ensinado.

Para poder obter este método de avaliación é **OBRIGATORIA A ASISTENCIA REGULAR ÁS AULAS**. No caso de que o alumnado non asista ás aulas terase en conta exclusivamente a realización dun exame na data marcada pola UMinho (20 valores).

BIBLIOGRAFÍA

Arias Freixedo, Xosé Bieito (2003). *Antoloxía da lírica galego-portuguesa*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

- Beramendi, J. G. (2007). *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Xerais.
- Bernárdez, C. L./ Insua, E. M./ Millán Otero, X. M./ Rei Romeu, M./ Tato Fontaiña, Laura (2001). *Literatura galega. Século XX*. Vigo: A Nosa Terra.
- Blanco, Carlos (1991). *Literatura galega da muller*. Vigo: Edicións Xerais.
- Carballo Calero, R. (1979) [1963]. *Historia da literatura galega contemporánea*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Gómez Sánchez, A./ Queixa Zas, M. (2001). *Historia xeral da literatura galega*. Vigo: A Nosa Terra.
- Lourido, Isaac (2015). *História literária e conflito cultural. Bases para umha história sistémica da literatura na Galiza*. Santiago de Compostela: Edicións Laidvento.
- Pazos-Justo, Carlos (2016). *A imagem da Galiza em Portugal. De João de Redondella a Os Galegos são nossos irmãos*. Compostela: Através Editora.
- Pazos-Justo, Carlos; Botana Vilar, María Jesús & André, Gabriel (eds.) (2021). *Galiza e(m) nós. Estudos para a compreensão do relacionamento galego-português*. Vila Nova do Famalicão: Edições Húmus.
- Pena, Xosé Ramón (2002). *Historia da literatura medieval galego-portuguesa*. Compostela: Sotelo Blanco.
- Tato Fontaiña, Laura (1999). *Historia do teatro galego. Das orixes a 1936*. Vigo: A Nosa Terra.
- Torres Feijó, Elias J. & Samartim, Roberto (2018): *Sobre conflito linguístico e planificação cultural na Galiza contemporânea. Dez contributos*. Compostela: Através Editora.
- Torres Feijó, Elias J. (2019). *Portugal, para quê? Seis marcos no relacionamento galego-português*. Santiago de Compostela: Andavira editora.
- Vilavedra, Dolores (1999). *Historia da literatura galega*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Villares, Ramón (2004). *Historia de Galicia*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Villares, Ramón (2017). *Identidade e afectos patrios*. Vigo: Editorial Galaxia.

Recursos en liña:

- Antoloxía da poesía galega musicada: <http://sondepoetas.blogspot.pt/>
- Asociación de escritores en Lingua Galega: <http://www.aelg.org/>

- Biblioteca Virtual Galega: <http://bvg.udc.es/>
- Centro de Investigación Ramón Piñeiro: <http://www.cirp.es/>
- Real Academia Galega: <http://www.realacademiagalega.org/>
- Portal Galego da Língua: <http://www.pglingua.org/>
- Secretaría Xeral de Política Lingüística: <http://www.lingua.gal/portada>

2.2. ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN.

Resumimos as principais actividades organizadas polo Centro de Estudos Galegos, coa colaboración de diferentes axentes institucionais e individuais tanto galegos como portugueses, durante 2023.

2.2.1. IX Festival Cultural Convergências Portugal-Galiza

Esta edición das Convergências tivo lugar entre os días 10/02/2023 e 25/02/2023, comezando coa presentación das Convergências no auditorio da ELACH, continuado polo “Worskshop de Cavaquinho e Braguesa” realizado por Daniel Pereira Cristo e Canto D’Aqui; e finalizando co feche das Convergências co concerto “Tributo a Zeca Afonso e Rosalía de Castro” no auditorio da Cidade da Cultura da Galiza. Os eventos tiveron lugar en tres localidades diferentes na edición deste ano: Braga, Pontearreas e Santiago de Compostela.

Dentro desta edición das Convergências, destacou a xornada **“A língua e o reino, entre Compostela e Braga. O reino da Gallaecia/Galécia”**, organizado pola Rede da Galilusofonía e a Deputación da Coruña no día 18 de febreiro, coa mañá dedicada a simposios sobre a historia medieval galego-portuguesa e a tarde cunha visita guiada realizada polo arqueólogo portugués Luís Fontes e o concerto “Treides comigo!” de Xoan Curiel e Bleuenn Le Fric.

2.2.2. XII Castro Galaico

A XII edición do Castro Galaico tivo lugar na Freguesia de Nogueiró entre os días 13/07/2023 e 15/07/2023. Esta edición do Castro Galaico destacou pola presentación do proxecto aRi[t]mar coa presenza do director do proxecto, Gonzalo Contenla, e a antoloxía “A Boca no ouvido de alguém”, co seu coordinador Tiago Alves Costa, no último día.

2.2.3. XI Simpósio Luso-Galaico de Filosofía

Entre os días 29/06/2023 e 30/06/2023, tivo lugar a XI edición do Simpósio Luso-Galaico de Filosofía baixo o tema “Identidade e diferença”. A organización correu a cargo do Departamento de Filosofía da UMINHO e contou coa colaboración do Centro de Estudos Galegos e a Facultade de Filosofía da USC.

2.2.4. V Ciclo de Cinema Galego-portugués-brasileiro

A V Edición do Ciclo de Cinema Galego-portugués, que neste ano incorporou o Brasil, tivo lugar no Salão Nobre da Sociedade Martins Sarmiento en Guimarães (como costume, cada ano o Ciclo se realiza nunha cidade galega, e nunha portuguesa no seguinte, e así sucesivamente, coincidindo este ano con que se tiña de realizar en Portugal) entre os días 23/11/2023 e o 25/11/2023. O CEG colaborou na súa organización xunto a outras entidades.

2.2.5. Día das Letras Galegas en Braga

No día 13/05/2023 inauguramos a exposición “Camiñando con Ramón Sanfiz coñecemos a Francisco Fernández del Riego” na Biblioteca Lúcio Craveiro da Silva, o acto recibiu un grupo de estudantes da Galiza e tamén contou coa presentación do documental “Inês, aquilo que nos une”, elaborado pola cantante MJ Pérez. A exposición estivo dispoñíbel na biblioteca mencionada até o día 20/05/2023.

2.2.6. Preparación do Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG).

Durante 2023 continuaron os traballos de preparación do XIV Congreso Internacional da Asociación Internacional de Estudos Galegos (https://cehum.elach.uminho.pt/xiv_ciaieg). Para tal, foron mobilizados recursos do CEG.

2.2.7. Mantemento e actualización das canles de difusión

No ámbito das canles de comunicación, continuamos a partillar noticias e eventos vinculados ás culturas galega e portuguesa nas nosas páxinas de Facebook e Instagram. Tamén, continuamos a manter a páxina web institucional do CEG (<https://ceg.elach.uminho.pt/>). Alén disto, o CEG continúa a promover, en colaboración coa Rádio Universitaria do Minho, o programa de radio “Galiza mais perto”, dentro do cal, alén do modelo tradicional de música e noticias sobre a cultura galega, decidimos explorar opcións máis focadas á promoción dos intercambios culturais, en concreto a realización dunha primeira entrevista a varios axentes

galegos e portugueses sobre o Camiño do Geres que une Braga e Santiago de Compostela, emitida no programa do día 12/07/2023.

2.2.4. Outros

- Finalización da catalogación dos fondos documentais do CEG, en proceso desde o inicio do ano académico 2022-2023.
- Realización da actividade “Cultura Galega a Concurso”, dentro do programa da UMINHO “O verán no campus”, con estudantes do ensino secundario visitando instalacións da Universidade e realizando unha serie de actividades. Esta actividade en concreto tivo lugar no día 17/07/2023.
- Realización da actividade “Un momento com a Galiza”, dentro do programa “O melhor aluno na UMINHO”, coa participación de varios alumnos do ensino secundario escollidos polas súas calificacións no sistema educativo. Esta actividade en concreto tivo lugar no día 25/10/2023.
- Organización dunha aula aberta no ámbito da UC Língua e Cultura da Galiza coa profesora Rebeca Blanco-Rotea (UMINHO), co título “O patrimonio cultural como elemento identitario na Galiza Contemporânea”, no día 02/05/2023.
- Organización de dúas aulas abertas no ámbito da UC Literatura e Cultura Galegas
 - Aula aberta “Reinventio. Os camiños de Santiago hoje” co profesor Carlos Pazos-Justo, no día 28/10/2023.
 - Aula aberta “A representación da(s) muller(es) nas Cantigas de Santa María: o binomio Ave/Eva” coa profesora María Jesús Botana Vilar (UA1g), no día 22/11/2023.
- Asesoramento e acollimento dun grupo de alumnos do IES da Caniza (5/12/2023). O asesoramento consistiu na intermediación co Agrupamento de Escolas Alberto Sampaio. Está previsto os alumnos realizaren unha visita ao Campus de Gualtar da UMinho.

Braga, 4 de dezembro de 2023

O coordinador do Centro de Estudos Galegos

Carlos Pazos-Justo
(Professor Auxiliar)

